

**FONDO SOLIDARIO LIBROS DE TEXTO DE ESO**  
**CURSO 2015-2016**  
**Alumnado que vai cursar 2º e 4º da ESO no 2015/16**

*Normativa: Orde 21 de maio de 2015 (DOG do 1 de xuño)*

**REQUISITOS:**

- Ter devoltos os libros de texto, se é o caso, coas axudas do curso 2014/15, forrados e en bo estado.
- Estar matriculado en 2º ou 4º da ESO no curso 2015/16.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN:**

- Secretaría do IES Plurilingüe Fontexería.

**PRAZOS:**

- No prazo do 2 de xuño ao 30 de xuño de 2015, ambos inclusive.

**CÁLCULO DA RENDA PER CÁPITA:**

- Terase en conta a situación persoal e familiar en 31 de decembro de 2013 e o exercicio fiscal 2013.

**TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES :**

- As solicitudes presentaranse preferentemente na secretaría do centro.
- Unha vez tramitada a solicitude a aplicación informática establecida pola Consellería permitirá a distribución dos libros existentes no fondo entre o alumnado en función da renda per cápita comprobada das solicitudes validadas polo centro.

**RESOLUCIÓN DO FONDO SOLIDARIO:**

- O 7 de xullo publicarase unha relación de solicitantes e un listado de libros dispoñibles no taboleiro de anuncios do centro
- O 15 de setembro publicarase unha asignación libros/alumno

**ENTREGA DE LIBROS:**

- 16 e 17 de setembro

**OBRIGAS:**

- O alumnado ten a obriga de **conservar en bo estado os libros de texto** adquiridos na súa integridade con cargo ao importe das axudas, así como **incorporalos**, ao rematar o curso escolar 2015/2016 (xuño ou setembro, segundo o caso), **a un fondo solidario** que se constituirá no centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**IES PLURILINGÜE  
FONTEXERÍA**

Agra de Baño 21, C.P. 15259 MUROS

Tlf/Fax 981 82 72 25

ies.fontexeria@edu.xunta.es



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## **CREACIÓN FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO DA ESO CURSO 2015-16**

O Fondo Solidario estará constituído polos libros de texto devoltos de forma obrigatoria ou achegas voluntarias.

### **DEVOLUCIÓN OBRIGATORIA**

- Debe devolver os libros de texto todo o alumnado que recibiu axudas para a súa compra no curso 2014/15, o día de entrega de notas seguindo as indicacións do profesorado.
- No caso de ter materias suspensas devolverase o libro correspondente en setembro, o día de entrega de notas.
- A non devolución do libro implica non ter dereito ao acceso do Fondo Solidario.

### **ACHEGAS VOLUNTARIAS**

- Todo o alumnado pode facer achegas voluntarias dos libros de texto utilizados no curso 2014/15.
- Esta achega farase o día de entrega de notas, en xuño ou setembro.